

RUM. 11

26-VI-22

# nós.

# NÓS

BOLETÍN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ÓRGÃO DA SOCIEDADE "NÓS,"

DIREITOR:

Vicente Risco

REDAUTOR-XEFE:

Xavier Prado (Lameiro)

Ramón Cabanillas, Alfonso R. Castelao, Antón Losada Diéguez, Ramón Otero Pedrayo,  
Florentino L. Cuevillas, Leuter González Salgado

XERENTE:

Arturo Noguerol

SUB-XERENTE

Alfonso V. Monxardín

REDAUTORES:

Teixeira de Pascoaes, Johan Viqueira, Philéas Lebesgue, Leonardo Rodríguez, Antón Villar Ponte, Wenceslao Fernández Flórez, Xaime Quintanilla, Antón Noriega Varela, Gonzalo Abente, Manoel Banet Fontela, Lois Peña Novo, Eladio Rodríguez González, Ernesto Rivera, Marqués de Figueiroa, Antón Palacios, Leonardo Coimbra, Amador Villar, Alvaro Cebreiro Alexandre de Córdova, J. Cervaens Rodrigues, Xulio A. Cuevillas, Victoriano Taibo, Xulio Prieto, Xosé Fernández Martínez, Farruco Lamas, etc., etc.

COLABORADORES:

---

## REDUCCIÓN Y-ADEMINISTRACIÓN Padre Feixóo, 12

---

### ABONAMENTO

Doce números, na Península . . . . .	6 ptas.
Na Arxentina . . . . .	6 pesos
En Cuba . . . . .	3 dolars
Números atrasados 1 petas. Número sólito, 60 cts.	

Iste boletín non publica mais orixinás que os que foran directamente solicitados pol-a Dirección.—Tampouco se fai solidario das ideias n-elas emitidas, non sendo dos que por non iren firmados, enténdense que son da Redacción.

---

### SUMARIO

- A nosa Taça, por ANTONIO DE CERTINA CUNHA BARROS.  
Un punto de vista do Nacionalismo, por JULIO A. CUEVILLAS.  
Cubismo, por CASTELAO.  
Sección Arqueolóxica, por FLORENTINO L. CUEVILLAS.  
Os netos de Cabral, por SOUZA AGUIAR.  
Anxelus, por LUIS HUICI.  
Arquivo filolóxico e etnográfico de Galiza, por E. PEINADOR LINES.  
Notas deportivas, por HANDICAP.  
Notas financieras, por ARTURO NOGUEROL.  
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

NOS

**SAMANIEGO • FOTÓGRAFO DE MODA**  
Luis Espada, n.º 13 - OURENSE

**MANUEL SEOANE**  
AXENCIA DE FERROCARRILES

Madeirás labradas de todas clases

Mércanse APEAS pra minas

Ponte Mayor - OURENSE

FAGA AS SUAS OPERACIÓIS COMERCIALES

CO AS CASAS QUE S'ANUNCIEN NO

**NOS**

**BANCO DE VIGO**

FUNDADO EN 1900

CASA CENTRAL VIGO.—Sucursais e axencias en OURENSE, PONTEVEDRA, SANTIAGO, VILLAGARCÍA, MONFORTE, NOVA, BANCO DE VALDEORRAS, CARBALLIÑO, CELanova, CANTABRIA, LA ESTEBA, MIRAS, RIBADAVIA, VENGA

Tén Axentes e Corresponsaes no Reino yo Estranxeiro, especialmente nas Américas.  
Realiza toda cras d'operaciós de Banca e Bolsa en xeneral. Ademite contas correntes e depósitos polas que abona os intereses siguientes:

CONTAS CORRENTES á vista.	2	%
DEPÓSITOS á 1 mes prazo.	2 1/2	%
> a 3 >	3	%
> a 6 >	3 1/2	%
> a 12 >	4	%
En CAIXA DE AFORROS deica 10 000 ptas.	3 1/2	%

**LUIS GALLEGOS - Procurádor**

DASE PRESA NO DESPACHO DE TODA CRAS D'ASUNTOS

LUIS ESPADA, NÚMERO 9.—OURENSE

NOS

# GRAN "HOTEL MIÑO,, OURENSE

Ó ÚNECO DA CAPITAL CON CALEFAUCIÓN CENTRAL  
AMPLIAS HABITACIÓS :: COARTOS DE BAÑO  
PENSIÓN COMPRETA DENDE 12 A 60 PESETAS

**Propietario: ANDRÉS PERILLE :: Teléfono 21**

Merquen: PLUMEIROS DE RAFIA "PERILLE,,

OS DE MAIS DURA, OS QUE MILLOR LIMPAM, OS MAIS ECONÓMICOS

**BOAS UTILIDÁS OS REVENDEDORES**

FABRICANTE

**ANDRÉS PERILLE**

OURENSE (España)

Clave A. B. C., 5.<sup>a</sup> edición

REPRESENTANTE N - A ARXENTINA

**JOSÉ MARTÍN**

Calle Venezuela, 928

**BUENOS AIRES**

# Casa "PERILLE,,

FERRETERIA :: LOUZA :: CRISTAL

MOEBLES ECONOMELOS E DE LUXO

FRABICACION DE COLCHOS PATENTADOS

Vostede pode mental-a sua casa con solo visitar iste estabrelemento, obtendo o maximum d' economia.

Paz Nóvoa, 9 - OURENSE



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ÓRGÃO  
DA SOCIEDADE "NÓS,"

Ano III

Ourense 26 de Xunio 1922

Nºm. 11

## A NOSSA TAÇA

Ao iluminurista: ALVARO CEBREIRO

Ao prosador: VICENTE RISCO

*Terra fragrânte e ardente e revoltada  
Da Galiza - ó jardin de &xaltações  
&m cuja flór de Raça a terra amada  
Beija, evocando, a Raça de Camões!*

*O' Terra-Irmá! repara: ensanguentada,  
A nossa Taça á um ritmo de emoções...  
Toma-a: tem sangue! - é o sangue da Bairrada,  
Belo, a brotar dos nossos Corações!*

*Para ti nós a enchemos. Belos, pois,  
Bebendo com a graça dos Herois  
Saudamos-te em teu Sangue e tua Arte!*

*Bebe cominosco a Dór, ó Terra en chama!  
Vive e luta, sorri, combate e ama  
- & essa fecunda Dór ha de salvar-te...!*

ANTONIO DE CÉRTIMA  
CUHA BARROS

Terras de Portugal e da Bairrada, Novembro de 1921.



## UN PUNTO DE VISTA DO NAZONALISMO



ACIÓX, Estado e Goberno son palabras que as mais das veces vense empregadas como sinónimas, cando en realidade teñen unha significación ben distinta na teoría e na práctica.

O Goberno non é mais que o instrumento, o órgano

de que os pobos se sirven pra realizar determinados fins políticos e sociás. O Estado é a sociedade mesma que asentada n'un territorio orgaízase políticamente pra armonizar os intereses colectivos, darles unha regra xurídica que garantece a necesaria libertade de nacións, crases sociás e individuos, creando o orgaismo preciso pra obrigar a todas istas partes constitutivas a vivir ó xeito das leises e pra defender dos ataques estranxeiros a sua independencia xeográfica e política.

Dedúcese do esposto que o Estado está por riba do Goberno que é anterior a il e que unha vez orgaizado o segundo, o primeiro non debe desaparecer nin dormir si non o contrario, seguir vivo e desperto como única garantía da independencia dos grupos e individuos que o forman, pois non pode eisistir nin libertade, nin orden nin xiquera seguridade persoal si Estado e Goberno chegan a se confundir.

O conceuto de Nación non é tan craro; pra us é a raza ligada a unha porción de territorio con marcados límites xeográficos, pra outros a comunidade de historia e de intereses espirituás e materiais é o que as determina, habendo quen

sostén que o idioma é o nexo que forma os grupos nacionás. E posibre que en todas as teorías enunciadas haxa un pouco de verdade e que sin embargo todas elas xuntas non encerren a verdade total. E posibre que ainda eisistindo na nación un elemento étnico dominante, un territorio ben limitado, un idioma común e unha historia propia, falte sin embargo, pra que ese grupo humano eisista e se diferencie dos demás algún outro principio vital qu'escape ó análisis dos pensadores mais avisados.

N-un territorio con craros límites xeográficos que o separen de outros territorios, poden eisistir e eisisten de feito nacionalidades diferentes. No curso da sua historia os habitantes de cada unha d'elas poden ter durante periodos mais ou menos longos, esmorecido o sentimento da sua individualidade; e chegar pol-o contrario n-outros periodos o mor grado de esaltación de este sentimento. No primeiro caso surxe fatalmente a centralización, no segundo aparecen sempre os nacionalismos que non son mais que o reconecemento da propia persoalidá colectiva e a expresión da vontade de ser, e de querer permañecer con todos os carauteres propios, protexendos contra calquera inxerencia estraña ou contra calquer ataque, debendo entenderse que xa eostituye un ataque o desconocelos ou menosprecialos.

Cando a totalidade do territorio está ameazada ou invadida pol-o estranxeiro, ou cando se ve comprometida a sociedade enteira que habita ese territorio na realización de un ideal común, todas as forzas nacionás, todol-os grupos sociás, todol-os individuos xúntanse pr'a consecución d'eses fins e non vacilan en sumar os seus esforzos. Pero cando estas causas desaparecen, cando ademáis non autúa sobre do Goberno a mirada vixilante do Estado, é seguro que o poder caiga nas maus d'unha crase social mais coidadousa

de conservar sua influencia e de asegurarse medios económicos que perpetúen a sua dominación, que de precurar o progreso dos intereses colectivos, y-entón sin un perigo común que une a todos ante o nemigo, como os caballos do apólogo ante os leões, sin un fin por todos aceitado e a que todos concurran, a sociedade volve á sua situación natural e surxen os nacionalismos, os sindicatos, todas as organizacíos, que a xeografía, a raza e a división do traballo enxendran, toda a variedade de formas que a vida reviste e todolos santos egoismos en que o patriotismo se acocha cando o Goberno, en vez de fomentalo cos seus acertos, tén a desdicha de combatilo cos seus errores. Si o Estado, a organización política, perden por culpa da sua manifestación esterior, o Goberno, seu creto e seu prestixio no esterior, si deixa emprender guerras, que non parecen ter outro ouxeto que debilitar o pobo pra millor domínialo, si compromete o porvir con gastos que os recursos ordinarios non poden soportar, si fomenta a acumulación da riqueza en poucas maus e non coida da sua xusta distribución, si lexos de armonizar os intereses opostos de naciós e grupos, complácese en polos en loita aberta, si en unha palabra non goberna pra todos e si pra us poucos, o sentimento patriótico debilitase e si non chega a extinguirse, é porque o istinto de conservación fal que se refuxie nas agrupacíos naturais, nación ou sindicato. E este caso chegado, tratar de destruir as unhas ou os outros é atentar á vida das novas células socias e facer imposible, ou polo menos moi difícil, a reconstitución do organismo político por escelenzia, o estado nacional base do estado humano qu' é o mais grande ideal a que poden aspirar os homes.

E tense chegado a esta situación porque a maoría dos pobos, unha vez constituído o Goberno, deixaron de autuar coma cibdadanos e todo o agardaron d'aquí. Creron ter preveñidos todolos perigos co Parlamento ó encomendarlle, entre outros, o deber de fiscalizar o Goberno, y-en efecto éste elixe ó seu gusto os diputados os cuales están a mercede do Goberno. Unha plutocracia cobizosa rixe entre bastidores a maquinaria política e de feito exerce o poder sin responsabilidade ningunha. Ela fai aprobar as leises fiscales cando lle convén, ela impón aranceis e monopolios, a ela obedecen cegamente ministros e parlamentos. A guerra é a paz, os tratados de comercio, as relacíos internacionais, a alza e a baixa dos câmbios, o valor dos sínos monetarios, todo depende do seu capricho e do seu intrés. Pra mal contentar á

crase media aumentanxe costantemente servicios públicos que ningunha utilidade prestan, e de día en día as burocracias medran e medran como plantas vivaces e parasitarias que absorben sin producir nada cantidades enormes dos presupuestos, elevando fabulosamente as xa intolerables deudas que pesan sobre as costas dos estados. Tod'o mundo reconoce que non se pode seguir así, que xa se precisa facer un alto no camiño da ruiña, e que a sociedade inteira pida contas ós seus mandatarios do uso que fixeron dos seus poderes, e polo de pronto xa se nota a tendencia a restrinxilos e a non deixar nas mans dos Gobernos moitas funcíos que viñeron desempeñando con grave daño dos gobernados.

E cousa moi descansada, reduntar unha constitución, crear un Goberno e botarse a dormir, agardando que esa especie de providencia que temos feito coas nosas propias maus provea a todas as necesidás colectivas, pero xa vimos onde leva esa deixación de funcíos.

Pr' os biólogos a morte individual non é mais que unha disgregación da materia. Pr' o político, esta disgregación das funcíos do Goberno que a necesidade impón é tamén a morte da actual orgaización. É verdadeiramente morre por abuso de funcíos, por falta de ideal colectivo, por non representar as modernas sociedades e por non ter a capacidade técnica indispensable, nin a força de opinión necesaria pra coordinar os intereses de naciós e grupos e pra defender a sua libertade e independenza.

Os Gobernos posteriores á revolución francesa, apoyábanse en persoas individuais, os conflitos que tiñan que resolver eran entre individuos; antes da gran guerra e hoxe ainda con mor vigor a causa das razós tan lixeiramente espostas, teñen surxido á vida as pequenas naciós, verdadeiras persoas xurídicas nas cuás radica de presente unha gran forza política y-económica da cual ningún Goberno debe prescindir si non polo contrario reconocer como eisistente tal forza e precurar recibir d'ela tod'o poder moral, legal e material necesarios pr' o seu desenvolvemento.

Fai falla polo tanto nos críticos momentos autuás unha nova regra xurídica que regule as relacíos das naciós particulares que conviven dentro de cada estado, e tamén dos diferentes grupos formados polas comunidás de traballo. Pra conseguilo, craro está, que é de necesidá entrar de cheo nun período constituyente, pois pra que semellante revolución sexa eficaz desde os primeiros momentos terá que ser incruenta, e pra logralo é preciso que o pobo chegue a se

penetrar das sinxelas enseñanzas da moderna cencia política. E necesario ensenhar ás xentes que nin individuos, nin grupos, nin naciós poden vivir aislados, prescindindo de toda relación entre si; facéndose pol-o tanto indispensábel a acatación por todos d'un regra xurídica o suficiente forte y-equitativa pra que podan resolverse asegún ela os incidentes que podan surxir, sin que éstos cheguen a ter forza pra entorpecer ou paralizar a marcha do Estado.

Pero solo cando a educación do pobo chegue a despertar a sua concencia colectiva, podérase redautar a nova constitución e inaugurar a nova era. Do vigor e da forza das nacionalidades e dos sindicatos, do conceuto que teñen da sua persoalidá, e dos deberes que lle imponen a solidaridade e a libertade humana, depende oíais o próximo porvir dos pobos.

JULIO A. CUEVILLAS

Mayo 1922.

## CUBISMO



da obra de Braque. A verba foi apañada por un periodista e logo espallada pol-o mundo grazas a Guillaume Apollinaire e ó pintor Henri Matisse. Se a verba data do 1908, o que se chama *cubismo* apareceu entre 1906 e 1907, e foi con obras de Braque e de Picasso<sup>(1)</sup>. Logo apareceron Auguste Herbin, Fernand Léger, Jean Metzinger, Juan Gris, o escultor Henri Laurens, Le Fauconnier, Delaunay, Gleizes, L'Hote, etc.

Compre que digamos algo de Braque e de Picasso, por seren os pais do cubismo e xa porque a teoría apareceu despois da obra.

### George Braque<sup>(2)</sup>

O milagre eisixido por Benedetto Croce, foi, pol-o visto, súpetamente realizado na obra de Braque, na que a inspiración e a expresión non son más que unha soya forma de todo acontecemento sensibel.

(1) *Cubisme et Tradition*, par Leonce Rosenberg.—Paris, 1920.

(2) *Braque*, par Maurice Rainal.—Edicions de *Vellos plástics*.—Roma.

verba *cubismo* saiu por primeira vez dos beizos d'un membro do xurado no «Salon des Indépendants» do ano 1908, ollando un cadro de Braque.—«Encore de cubes! assez de cubisme!», dix' o membro do xurado, moqueándose

«E' certo que a pintura, coma todal-as artes plásticas, non ten un fondo propio que a distinga intrínsecamente da poesía»; mais é preciso que denantes de ollar n-un pintor as suas calidades de poeta, músico, etc., ollemos as suas calidades de pintor, pois como di Maurice Denis (que non é cubista): «Compre que denantes de sere un cabalo, unha muller en coira, ou unha anécdota calquera, un cadro sexa esencialmente unha superficie chan recuberta de cores n-un certo orden arranxados». Ademais, «donar un fin ó arte é sometelo á proba do gosto universal, e velahí como xurde a vulgaridade dos medios empregados». A obra de Braque é un *outeto* creado pol-a forza da emoción que lle dou nacemento, é o fruto d'unha emoción creada sin ouxeto nin fin, nin vontade de facela, é, ó mesmo tempo, un fenómeno que non se relaciona con nada más que co'a sua propia sensibilidade. Com' un frade pechado na sua celda crea con amor as suas obras pr'a meirande gloria da sua sensibilidade, podendo decir que n'il a inspiración e a expresión son simultáneas. Posibel é que na obra de Braque aparezan o ambiente, a hora, a raza; mais será coma un neno que con semellanzas maternas e paternas garda unha fisonomía de seu, constituindo un terceiro ouxeto.

Tamén as verbas teñen unha fisonomía de seu, anque non sexan más que partes do linguaxe; mais as verbas teñen unha existencia especial «nol-as fai goerentar como emanacións visibles das necesidades que as causaron». As verbas son *ouzetzos* que se poden engadir a outros sen perder a sua fisonomía nin o seu orixen proprio. Unha obra de Braque é coma unha verba.

**Pablo Picasso<sup>(1)</sup>**

Picasso sigue evolucionando; ten unha extraordinaria virtuosidade; il ifiora todo e asimila todo; é o *tout savoir sans avoir appris*. A y-alma de Picasso prograsa a cito sin ningún fin determinado, deixando facer ó fado sin chamar por él.

Picasso chega a París moi xoven e debuta en unha exposición na casa Vollard, no ano 1901, imitando a Steinlen. De Steinlen pasou a Lautrec, e n-iste segundo período apareceu a fauna de clowns, arlequins, sempre más divertidos de cón que significativos.

Despois d' un viaxe por España, volveu cargado de retratos e de fotografías dos «inadmitos» cadros do Greco e baixo a influencia d' iste mestre inaugura o *periodo azul*; é o período das parejas famentas diante d' un vaso d' axento. Dispois aparece o *periodo roxo* onde o seu virtuosismo ensaya o imposible, e n-iste mesmo intre foi cando Picasso caendo sobre d' unha escultura negra lanzouse a imitación do arte elíptico de África e de Oceanía; os cadrados, os cubos, os triángulos, fóronlle revelados por aquela estrana escultura africana. Il ifiora de todo a xeometría; pero más forte que Pascal, assimila toda inteira, e ó siguiente dia inaugura o *periodo negro*.

Os amateurs fican encorados pol-a sorpresa, e denantes de volveren en si, Picasso céiballes o *periodo cubista*...

Agora Picasso imita a Ingres. ¡Home intrépido! Picasso refusa o sentido común, deixándose guiar pol-o xenio do ausurdo, e a cito a sua conciencia asiste a debates entre este xenio e o Anxo da Verdade. Un pouco escéptico tén, non obstante, desacoplos e desexos de conocimento que o empurran a camiñar por carreiros diferentes, e non por curiosidade, nin por «dilettantismo», senón por instinto. Dixérase que dentro d' illifian a sua educación co'a sua natureza: a força do verdadeiro respeita as debilidades do ausurdo, e cicalis pol-a debilidade da sua intelixencia desacougada e perspicaz perdeu dende hai tempo a fe absoluta nos dogmas sempiternos do arte. Mais il tén saudades e a sua y-alma ainda bastante relixosa chora a perda d' isa fe que garda alá no fondo do corazón com' as lembranzas da sua crianza, por ifiorar a probeza do escepticismo absoluto. O fondo da y-alma de Picasso está formado pol-a incertidume e iso é xustamente o alimento da sua

imaxinación, a causa principal do renovamento cuase cotidiano da sua obra.

**Catro verbas a xeito de introdución**

Non se pode ainda dar unha definición do cubismo que evoluciona sempre e de tal maneira, que hoxe a verba *cubismo* é un alcume nada mais.

Nós imos simplemente a espoñer de boa fe canto podemos zugar ou apañar nos alleos, esquecendónos de cantas ideas tivésemos depredadas, pra dar con iso meirande sensación d' un convencemento que... ainda non temos. Todo canto poidamos decir é xa ben coñecido por todolos catadores de arte na Europa; mais eiqui será descoñecido polos espíritos serodios, ou mal coñecido por ises avanzados que nos fan lembrar os xogadores de trinta e unha que sempre fan trinta e duas.

Xa non é novedade ningunha decir que o mundo volve á Edade-Medieval anque sexa co'a esperanza do camiño andado, e menos novedade é ainda decir que os artistas novos teñen os ollos voltados car' as épocas exipcia e medieval. Pois ben; n-iste intre histórico estamos convivindo n-unha mesma Sociedad: homes d' épocas ben diferentes. Sempre houbo duas forzas: a da *conservación* e a da *ación*, podendo decir mellor ainda y-empregando unha comparanza fisiolóxica, que pra mantel-o equilibrio compren duas forzas: a do nervio simpático e a do nervio frénico. Mais agora non se trata d' ises dous bandos en qu' está normalmente dividida a humanidade, senón d' un desequilibrio que xurde d' un arredamento de séculos anteriores os espíritos serodios do novecentos e os espíritos primarios ou primeiros d' unha nova época qu' está gromando xa.

«Non se trata de reconstruir unha grande época senón de construir outra equivalente», dí Léonce Rosenberg<sup>(2)</sup> e dí moi ben, pois o paso atrás non é mais que pra tomar palo. Os que miden a importancia do arte según os modelos clásicos, pra refusar canto s' afaste das suas tabuas de valores, ben poden distinguir ises tres períodos chamados de *orízen*, de *deseñolo* e de *decadencia*; mais, como dí Théo van Doesburg<sup>(3)</sup> «toda forma de arte resulta necesariamente do espírito do seu tempo, e debe ser comprendida no espírito do tempo que a produceu».

O derradeiro autor citado distingue tres momentos de creación: *clásico*, *barroco* e *moderno*, e defineos d' iste xeito: «Todo arte, de calquera

(1) *Les maîtres du Cubisme*, Pablo Picasso, par Maurice Raynal (París), e *Cubistes, Futuristes, Pissarroïstes*, par Gustave Coquiot (París, 1914).

(2) *Cubisme et Espiritisme*, (París, 1921).

(3) *Classeique-Baroque-Modern*, Ediciones de Sikkell-Antwerp, e París, (1921).

época que sexa, é barroco cando o elemento esterno, natural, caprichoso ou particular domina. Todo arte, de calquera época que sexa, é clásico cando os dous elementos (vida interior e aspento exterior, espírito e natureza, alma e sentidos) están en armonía e que ista armonía está *expresada ó xeito da natureza*. Todo arte, de calquera época que sexa, é moderno cando a armonía, esencia da Beleza, aparece enteiramente *expresada ó xeito do arte*.

No cubismo atopamos erixido en sistema a supresión do modelo e da visión perspectiva habitual e o espírito novo ten xa suprimida a descripción no arte.

O neo-plasticismo ten as suas raíces—según di P. Mondrian<sup>(1)</sup>—no cubismo, podendo chamar-se *Pintura abstracta real*, send' o cubismo unha composición de planos reutangulares en cores, expresando a realidade mais fonda; ela chegá á iso pol-a *expresión plástica das relacións* e non pol-as apariencias naturaes.

«Pol-o espírito novo o home crea il mesmo unha nova beleza, namentres que dinantes il non facía máis que cantar ou expresar plásticamente a beleza da Natura.»

Pol-a influencia de Bergson a verba *crear* é admitida xa com'a más doada pr' alcumar a noción preponderante da Estética de hoxe.

#### Cubismo e tradición

Zugaremos algunas ideas d'un intresante traballo que baixo ese título ten publicado Léonce Rosenberg.<sup>(2)</sup>

Os defensores das vellas fórmulas que, pechand' os ollos e atafegand' os ouvidos, coidan defendel-a tradición ignorando as intencions de toda nova producción, non fan senón defender as *apariencias* á que os seus sentidos están afieitos. Os que erguénse contra un sistema establecido, que confunden co'a tradición, fan obra demoledora, traballan sómentes contr' as *apariencias* das que iles queren celbar as suas facultades. Mais dominando todolos tempos e todolos patrias, a tradición—a tradición universal e non a local—sendo d' orixen espiritual e non material, persiste máis alá dos diferentes *aspertos* qu' ela desperta nas grandes épocas da humanidade. Ela represent'a regla pol-a que o espírito humano se disciplina, ela nasce do coñecemento dos principios eternos que dirixen a armonía dos mundos. O día que o home, cedendo ós empurros dos sentidos, s' afaste d' ista regla e chegu' á esquecida, o arte deixá de sere unha

#### NOS

necesidade de crear, nascida dos empurros do espírito, e convírtense nun desexo de *imitar*. Velahf como comenza a decadencia; a tradición é rompida e fai falla unha nova fe, un novo antusiasmo pra voltar á colle-a e pra facel-a revivir baixo aspertos ainda descoñecidos.

Compre un enorme esforzo de renunciaclón pra que o home poida de novo sacar do misterio as leises eternas que lle permitan crear; mais por crear é preciso que entendamos sómentes producir un *asperto*, pois non é posibel o home creal-o todo: il non pode máis que orgaizar elementos escollidos na realidade exterior.

Pro vulgo unha obra é boa cando, por unha técnica superior, o artista achegouse o máis posibel á imaxe da Natureza; mais o arte nunca tivo por fin reconstruir un asperto da Natureza, senón construir os seus equivalentes plásticos pra que sexa un asperto creado pol-o espírito.

Os parvos que non piden ó arte máis que unha regalia dos sentidos, queren convertil-o arte nun traballo manual. Iles eisixen ó artista a reconstrucción dos diferentes aspertos da Natureza tal coma iles a ven; mais non coma elas é, que é xustamente tal coma iles non-a comprenden. Iste parvo non coñecen máis que a *verdade dos sentidos* e non comprenden a *verdade do espírito*.

Os cubistas non fan senón realizar a materialización da Beleza, baixo un asperto diferente dos xa coñecidos. Pra moitos isto representa un arte anárquico, porque no seu asperto trastornas concepcións da representación artística que dende o Renacemento se fan en todolos sitios.

Dendes que o Renacemento afastou do seu camiño ó xenio occidental, un esforzo ceibador realizouse na Francia. O espírito celta busc'a maneira de ceibarse d' as influencias do Oriente. Certamente sería inxusto pretender que a influencia do Oriente non s'exerceu d'un xeito feliz. O Oriente, durante séculos, iluminou magnificamente tod'a Europa, enriquecendo co' as suas formas e as suas cores, iniciándoa en todolos grandes leises constructivas y-en todolos segredos do oficio dos artesans. Con todo, na terra da antiga Galia, unha humanidade cobiosa e namorada da claridade, da medida e da intimidade, erguese e valentemente traballa dende fai séculos e sofrindo todolos influencias, pra faguer un arte conforme ó seu xenio.

A tradición maniféstase nos tempos baixo moitos aspertos. A pintura occidental, e mellor ainda a francesa, toma pouco a pouco o seu asperto propio, non arredándose da tradición xa que realiza principios que a tradición enseña. Así, dispois de quince séculos máis ou me-

(1) *Le Neo-Plasticisme*, París, 1920.

(2) Prefácio ó Catálogo da Exposición da «jeune peinture» francesa celebrada en Xinebra no Febreiro de 1920.

nos, é o Oucidente quen lle mand' ó Oriente, baixo unha forma nova, a tradición qu'il recibira e que o Oriente xa non coíece.

Foi Cézanne o promotor do movemento de reaución contr'ó realismo visual das escolas que lle precederon, e o cubismo debe a Cézanne os seus primeiros elementos de vida. Os artistas cubistas desenrolaron e perfeucionaron o espírito construtivo de Cézanne, arredándose do casual e do aneudótico, descoidand' o particular para tender ó constante e ó ausoluto.

En vez de reconstruir un aspecto da natureza tratan de construir os equivalentes plásticos dos ouxetos naturaes, e o feito piatural constituído d'iste xeito vólvese un aspecto creado pol-o espírito. As construcións así realizadas non teñen un valor comparativo senón un valor intrínseco ou empregando verbas de Platón son «belos en si». Nada de arbitrario na súa arquitectura; pol-o contrario, todo ali está determinado por un sentimento, e sometido ás leis eternas do *equilibrio*.

O artista cubista comenza por elixir e agrupar certos elementos da realidade esterior, ou d'outra maneira dito, pol-a síntesis il saca d'un motivo, dispois d'analizalo, os elementos necesarios ó conxunto do asunto. O paso do motivo ó asunto constitue a súa estética de que o espírito dálle a regla. Dispois, pra pasar do asunto á obra, emprega un conxunto de *medios* propios á expresión do asunto, e iste traballo constitue a súa técnica, sendo sómentes a emoción quen-o inspira. Pol-a derradeira iste esforzo que leva en si tod' o misterio do arte, convítense na *obra*.

O espetador é ou non é sensibel ó resultado? Se o é, ou mellor, s'il o sabe sentir, é devalde espricarille o porqué e o cómo de cada elemento.

En arte, sentir é saber. Mais s' o espetador non siente ningunha emoción, non hai expresión no mundo que poida xustificar diante dos seus ollos o espetáculo d'unha deformación da súa visión.

Diante dos railes do tren ollamos que converxen no horizonte cando en realidade son paralelos. Pol-o mesmo, basar un credo artístico n'unha ilusión semellante, é tomal-a mentira como principio, e velahí porque á verdade dos sentidos opoñemos a verdade do espírito.

Algunhas persoas favorablemente dispostas, anque sobrecolidas pol-a novedade d'un aspecto com'o do cubismo, agardan da meditación a concencia d'un arte de apariencia hermética, pero que unha iniciación graduada pode revelarill-o seu sentido oculto, o seu segredo. En troques, as persoas fortemente afincadas no que

síñifica unha herdade n-unha cultura catro veces secular ceiban, diante dos cadros cubistas, preguntas d'un primitivismo que non compre lembrar elquí. Con todo será bo lembrar algúns e contestala.

«Por qué, rompendo co'a tradición, espréisanse d'un xeito incomprendible?»; «Rompendo co'a tradición! ¿Con cal tradición? ¿A da decadencia greco-latina ou a dos tempos da outa antigüedad e das catedraes dos tempos góticos? ¿A de fai catro séculos ou a de cen séculos?

Tamén diante dos cadros primitivos sentimos decir ós filisteos do academismo: «Iles non sabían máis!»; «Iñorantes os primitivos! Iles coñecían todo menos os medios d'expresión contrarios á sua estética. Trocaban a perspectiva da visión por unha perspectiva ideal, a do *espírito*, pra donar ás suas formas as dimensións da *idea* e non as da *vista*, atopando na deformación visual un *equilibrio novo*.

Com' os primitivos, os cubistas son empurrados pol-o espírito de síntesis, empezando na realidade visual pra rematar na realidade ideal, cando xustamente no ambiente en que viven todos van guiados pol-o espírito de análisis, e da realidade ideal van á realidade visual.

Non é arriscado decir que a época de agora camiña cara un arte nacional ou popular que tod'a civilización europea aceitará, porque agora a luz ven do Oucidente. En todas as épocas heroicas o arte era feito por tod'un pobo, e non coma nas épocas de farisianismo por unha cida borraha de regalias materiais.

Sen chegar á antigüedad expela, caldea, persa, china, etc., a nosa época é comparabel co'a das cruzadas. «Non vos chocha sempre o achego espiritual qu'eisiste, ainda co'a diferenza de orixen e apariencias diversas, antr'as obras animadas pol-o espírito construtivo? Velahí as do outo Exipto, da Grecia das guerras médicas, da Caldea en tempos de Gudia, da China na época de Han, etc. Ista unión familiar é o *espírito de síntesis* do que o cubismo é unha expresión nova.

#### A verdade no Cubismo

Maurice Raynal, un dos mellores abogados do cubismo, tén dado unha conferencia<sup>(1)</sup> en Maio de 1919, e nada nos parece mellor que dar elquí a tona d'ise traballo, pra ir amañando pouco a pouco e con ideas alleas a posible defensa do cubismo.

Imos falar da verdade no arte. «Eu digo ben

(1) *Quelques intentions du Cubisme*, por Maurice Raynal. (Paris).

verdade, pois trabicase moitas veces *certo* con *verdadeiro*. E' a eterna loita antr'os sentidos e a razón. O *certo* é unha créncia moi relativa, namentras que *a verdade é o que é*.

O ouxeto de toda pretensión en arte nin debe ser o Ideal nin a realidade, senón a verdade. «E cando vos demostrare o qu'eu entendo por verdade comentaremos esta frase de Braque: «os sentidos deforman, pero o espírito forma».

O arte non é mais que unha clás de relixión, e nas épocas en que foi grande debeuse á Fe que o inspirou. Fe relixiosa nos exípios, fe na relixión da Beleza nos gregos, fe cristiana na Edade-Media. Por iso o móvil do arte no século é suixerido tamén por unha fe: a fe nas verdades filosóficas e científicas.

O pensamento humano é solicitado por duas verdades de natureza ben diferente, que chamarímos *verdades cómodas* e *verdades incómodas* anque sómentes as derradeiras sexan as *verdades*. As primeiras son as dos sentidos, as segundas son as do espírito.

O camiñar car' a Verdade no arte determinaron un ensayo de notación pictural que non é *cómodo*. Mais o cubismo endexamais tivo a pretensión de ser un arte pra tod'o mundo. «A xeometría antifeuclidiana, a poesía de Mallarmé, a música de Cámara, as ciencias todas non son públicas, e non esquezamos que o arte é e debe ser unha *finalidade sen fin*; pero vós sabedes que as xentes non xuzgan unha obra científica, e que tod'o mundo sabe de pintura.»

A imitación directa da natureza non fai mais que retardal-os perfeccionamentos do progreso, pois a tradición enseñounos que non é posibel conceder valor absoluto ó que nos din os sentidos. Dend'a antigüedad a filosofía enseñounos iso e os modernos non-o desmentiron. «A verdade non está nos sentidos - di Malebranche - senón no espírito». Kant di con moita xusteza: «os sentidos non-os dan exclusivamente más que a materia do coñecimento, namentras que, pol-o contrario, o entendimento dónanos a forma». Non é bebendo nin ollando a y-auga como deprendemos o que ela é; non é ollando un ouxeto cos ollos como deprendemos a colocele. Se nós non tivésemos mais que o sentido visual dubidáramos do paralelismo dos raios do tren.

A pintura de visión non pode traducir más que un anaco do tempo, pois os sentidos non perciben mais que o pasaxeiro, non podendo fixar senón un anaco da eternidade. E velahí están os impresionistas como mostra.

Podemos pensar con Platón: «os sentidos non perciben mais que o que pasa, o entendimento o que permanece». ¡Que mellor sono pra un artista

que fixar na tela ou no marbre máis que un anaco de tempo tod'a duración e más que unha dimensión o espacio mesmo!

Repréchase nos as nosas citas a Platón, mais fixádevos que nós non fagüemos intervir a filosofía no arte más que a propósito das intencions intelectuaes do artista e que a estética non se mesturará cos medios d'expresión da sua sensibilidade. «Os cubistas non fan filosofía».

Ise pensamento de Platón foi o que inquietou mais os cubistas. Cando un artista fixa na tela non o que pasa senón o que permanece, non sitúa o ouxeto nun lugar determinado senón no espacio, qu'é infinito. Nós poderemos engader como corolario á frase de Platón: «Os sentidos non perciben más que o qu' está situado; o espírito o qu' está no espacio».

Segundo esta concepción a obra de arte ofrece unha garantía de certeza en si, é decir de verdade absolutamente pura. Il será respetuo os oxetos que representa o que é unha verba ó ouxeto que sinaliza.

D'iste xeito nós poseeremos a idea mesma dos ouxetos na sua esteriorización más pura; nós teremos unha nova representación, é decir, que o artista facerá Beleza seguindo a Hégel «a manifestación sensiblemente da idea».

No arte, como na ciencia, ningún pode negar valor á imaxinación. Newton pr' atopal-as leises da decomposición da luz non tiña millores ollas qu' os demais; Huber, o mellor observador das avellas era cego; Beethoven compuxo as suas más fermosas obras cand'era xordo.

Cand'o pintor s'atopa diante dos ouxetos, o primeiro traballo do seu espírito imaxinativo consiste nun análisis dos mesmos ouxetos qu'il estudia nos seus deseños. Aproveitándose logo d'iste traballo de análise, il separa os elementos primordiales que considera com'os más belos e que son, según il, os signos incontestables da sua primeira idea ou da sua forma más pura. Pol-a derradeira e valéndose d'un traballo sintético qu'il executa co'axuda de todolos medios pictorais, il construye un conxunto novo de todos istes elementos.

Lembrémonos que as teorías venen sempre dispois das obras. O artista, pois, deberá gardarse d'un exceso de método; pero debe desconfiar da exacerbación contraria, pois é indubitable que co'a influencia dos sentidos nada más o artista caería na decoración pura e a emoción artística nunha vulgaridade utilitaria que ningún pragmatismo sabería erguer hast'a Beleza. Ademais sabemos que a sensualidade, ista cosa de orden inferior, endexamais suministrou ma-

nifestacións más que nas épocas de decadencia.

Pr' o mellor equilibrio e o meirande brilo da beleza debe atoparse en toda representación de arte unha comparanza, unha confrontación ante' o que suministrou o espírito e o que suministraron os sentidos. Yé da elección d' istas duas fontes que xurdirá a emoción artística ou poética baixo a forma d' unha *esaxeración* que será o *lirismo*. Compre donar a ista esaxe-

ración a xusta medida que nós preconizamos; pero iso é o segredo do xenio.

Tende presente que o Cubismo non é máis que un ensayo de notación nova susceptible de perfeccionamento e que non ten máis ouxeto que proponer o eisamen da vosa sensibilidade conxuntos novos d' elementos de ouxetos ben coñecidos e iso gracias á medios elexidos da maneira mais corda e mais tradicional.

CASTELAO

## SEICIÓN ARQUEOLÓXICA

UNHA REUTIFICACIÓN E UN PEQUENO DESCUBRIMENTO

D. Manuel Murguía no tomo 2 da sua *História de Galicia*, ó ocuparse do problema do emprazamento de Cinnania, a heróica vila galega tan gabada por Valerio Máximo, fai referencia a unha afirmación do P. Sotelo, aseguir o cual, non lexos da aldea de San Martín d'Arauxo, no municipio de Lovios, eisiste un lugar chamado Cinnania, onde s'alcontran restos de fortes murallas feitas de pedra, ladrillos e cal indistintamente.

A ser certas as afirmacións do citado historiador, crer' está que o problema da localización da cibidade que tan enérxicamente soupo resistir as lexiós de Décimo Junio Bruto, estaría case resolta, mais desgraciadamente, os feitos son outros, e pol-o que pudemos averiguar non foi n'ise lado do pintoresco val de Salas onde s'asentou a valente Cinnania, pois deseñando comprobar por nós punto de tanto intrés, puxémonos á fala con persoas tan cultas e conoedoras d' aquelas terras coma os Sres. Durán e Lorenzo, e da sua boca escutamos qu'en todo aquil contorno non hai lugar que se chame Cinnania, nin moito que conserve restos de fortificacións nin de murallas.

Desñáronos somentes coma lugar apropiado pra satisfacer a nosa curiosidade arqueolóxica, unha colina conocida no país pol-o Castelo, outeiro de pouca cota, e de ladeiras moi pinas, cuberta dele' a mitade por un píñeiral e rematada por un amontonamento de hirtos penedos. Un d'iles que perto do cumbe avanza facendo unha especie d' ancha cornisa, aparece escavado interiormente, en forma de cono truncado, medindo a tal escavación catro metros e medio na parte inferior e tres na superior, que forma a boca, por unha fondura de cinco metros. O nível do fondo de tan orixinal vasixa vese unha fura que atravesa a parede esterior do penedo, e que debe servir á maneira de tubo de desagüe.

Vese claramente que semellante obra que deben requerir bastante tempo, serviu a maneira de cisterna ou reservorio d' auga pra

xentes que poideran ter que resestir n'aquiles lugares as penalidades d' unha longa incomunicación, pero no nos sería tan sinxelo o descubrir que poideran ser estas xentes, si apegados na parte interior da dita cisterna non houbéramos atopado moitos vestixios do cemento feito de cal e polvo de tellas tan carauterístico das obras hidráulicas dos romanos.

Xunto iste dato co nome de Castelo que leva o monte, que domina un longo anaco da via militar d' Astorga a Braga entre as manside Aquis Querquernis e Aquis Originis, fainos supor que ali deben eisistir un pequeno presidio encarregado da vixilancia da dita via e pra cuyo servicio debense costruir o reservorio, que pol-a sua orixinalidade consideramos dino de ser coñecido pol-os nosos leitores.


### As escavacións no castro a Cibidade

O temporal de chuvia e neve que durante o mes d' Abril reinou na nosa provincia, impidiu-nos casí por completo proseguir os nosos estudos en col d' iste intresante castro.

Non embargante, nos poucos días que n'il se pudo traballar puxéronse ó descuberto dous fondos d' habitación de forma rectangular e fixéronse esporacións que nos permiten asegurar confirmadas as suposicións que aventurábamos no noso artigo publicado no núm. 10 d' ista revista: que o dito castro acolleu tras seus muros unha poboación estable que ali edificou as suas moradas.

Así mesmo unha mais detida inspección das obras de fortificación, fixonos ver que o primeiro resalte da terra, que na nosa primeira visita tomamos pol-a contra-escarpa do foso, encerraba os cimentos d' un muro tan forte e ben costruído como esoutros dous que falamos no número 10 d' ista revista.

FLORENTINO L. CUEVILLAS



## OS NETOS DE CABRAL

*Os netos de Cabral, novos Cabrais,  
— Marinheiros sonhando caravelas —  
Yá trocaram o mar pelas estrelas  
Vão mais perto de Deus, aguias reais.*

*Navegam nos espaços siderais  
Aças ao vento, tendo posto n' elas  
A Cruz Sagrada que fulgiu nas vélas  
Das velhas naus de outrora, as imortais.*

*Ancia dum Povo! A Cruz das Descobertas  
Vai de novo no ar, de aças abertas,  
Aças dum Sonho, brancas, liriais!...*

*Comunga a Raça, em haustos, a Epopeia,  
Não deixam fama sua em mão alheia.  
Os netos de Cabral — novos Cabrais!*

SOUZA AGUIAR

Torres Vedras 1922.

ANXELUS



Grabado de LUIS HUICI

# ARCHIVO FILOLÓXICO E ETNO- GRÁFICO DE GALIZA

## VOCABULARIO DOS CESTEIROS DE MONDARIZ.

(COMUNICADO POR E. PEINADOR LINES)

<i>Agarra</i> — — —	<i>Mau</i>	<i>Catmar</i> — — —	Ir ou estar
<i>Aguirres</i> — — —	<i>Enriba</i>	<i>Cazaca</i> — — —	Lobo
<i>Aquizos</i> — — —	<i>Eiquí</i>	<i>Cantarillega</i> — — —	Pita
<i>Achapante</i> — — —	<i>Cortador, carniceiro</i>	<i>Cardepias</i> — — —	Sardiñas
<i>Achepar</i> — — —	<i>Morrer</i>	<i>Camélas</i> — — —	Troitas
<i>Allabans</i> — — —	<i>T...</i>	<i>Carcear</i> — — —	Mirar
<i>Allezos</i> — — —	<i>Alá lonxe</i>	<i>Careante</i> — — —	Ollo
<i>Amoxegado</i> — — —	<i>Amigo, amancebado</i>	<i>Caleses</i> — — —	Diñeiro
<i>Ananticos</i> — — —	<i>Ano</i>	<i>Caneiras</i> — — —	Música
<i>Andacios</i> — — —	<i>Cornos</i>	<i>Carrelo</i> — — —	Corpo
<i>Andorilhas</i> — — —	<i>Correspondenza</i>	<i>Campina</i> — — —	Leira, finca
<i>Añada</i> — — —	<i>Preñada</i>	<i>Cachimbar</i> — — —	Afumar
<i>Areona</i> — — —	<i>Carne</i>	<i>Cariantes</i> — — —	Ollos
<i>Argina</i> — — —	<i>Canteiro</i>	<i>Carillo</i> — — —	Irman
<i>Argueiro</i> — — —	<i>Leite</i>	<i>Caspirro</i> — — —	Cabaleiro
<i>Arofañares</i> — — —	<i>Confesar</i>	<i>Cachimbo</i> — — —	Pipa pra fumar
<i>Arova</i> — — —	<i>Muller, noiva</i>	<i>Carolás</i> — — —	Curas
<i>Arricaco</i> — — —	<i>Burro</i>	<i>Caronlo</i> — — —	Camifio
<i>Arrias</i> — — —	<i>Pedras</i>	<i>Caycoa</i> — — —	Eirexa
<i>Arruñar</i> — — —	<i>Queimar</i>	<i>Calcurros</i> — — —	Zapatos
<i>Artelo</i> — — —	<i>Demo</i>	<i>Calcurreros</i> — — —	Zapateiros
<i>Artife</i> — — —	<i>Pan</i>	<i>Cegano</i> — — —	Rato
<i>Atagurrar</i> — — —	<i>Casar</i>	<i>Crenca</i> — — —	Cunca
<i>Ateligar</i> — — —	<i>Remedar</i>	<i>Certunio</i> — — —	Certo
<i>Atiscar</i> — — —	<i>Ver</i>	<i>Ciba</i> — — —	Casa
<i>Atrenar</i> — — —	<i>Prender</i>	<i>Oricadeira</i> — — —	Cazola
<i>Azabarras</i> — — —	<i>Acabar</i>	<i>Cigota</i> — — —	Ramera
<i>Baldarrapua</i> — — —	<i>Guardia-civil</i>	<i>Cibornia</i> — — —	Casa
<i>Baldatapuas</i> — — —	* *	<i>Coladera</i> — — —	Bonita, hermosa
<i>Bai-de</i> — — —	<i>Si</i>	<i>Contrantes</i> — — —	Pantalés
<i>Balicanexa</i> — — —		<i>Corcaina</i> — — —	Home
<i>Balicanexe</i> — — —		<i>Contranquillos</i> — — —	Calzoncillos
<i>Banquejuelo</i> — — —	<i>Banco</i>	<i>Cotabello</i> — — —	Canteiro
<i>Berrutar</i> — — —	<i>Orinar</i>	<i>Cormasexo</i> — — —	Irman
<i>Bermellas</i> — — —	<i>Cereixas</i>	<i>Cortes</i> — — —	Carpinteiro
<i>Brecena</i> — — —	<i>Eirexa</i>	<i>Coifa</i> — — —	Cama
<i>Borreante</i> — — —	<i>Albañil</i>	<i>Coima</i> — — —	Cama
<i>Bornia</i> — — —	<i>Augardente</i>	<i>Coiba</i> — — —	Casa
<i>Boria</i> — — —	<i>Pan</i>	<i>Corriente</i> — — —	Fonte
<i>Boliaño de golfo de piás</i> — — —	<i>Barco</i>	<i>Cuxa</i> — — —	Cama
<i>Boliaño</i> — — —	<i>Carro</i>	<i>Culembria</i> — — —	Bonita, hermosa
<i>Borrufadeira</i> — — —	<i>Bacenilla</i>	<i>Curcurubiar</i> — — —	Rascarse
<i>Buxa</i> — — —	<i>Encargado</i>	<i>Curbillas</i> — — —	Faba
<i>Buzele</i> — — —	<i>Revólver</i>	<i>Cuevo</i> — — —	Barrio
<i>Boliaño de estoas</i> — — —	<i>Coché</i>	<i>Cuscullante de curistel</i> —	Espello
<i>Calanta</i> — — —	<i>Peseta</i>	<i>Cuscúñas</i> — — —	Cofiocer



## NOTAS DEPORTIVAS



### FOOTBALL

N-o campo de Coya en Vigo, celebrouse o 14 de Mayo a final do campeonato de football da España entre os potentes grupos do «F. C. Barcelona» y-a «Real Unión de Irún».

A alegre cibdá víuse por este gallo animadísima.

Houbo molta cristiandá de forasteiros de todolos lados da nosa terra e de moitos puntos da España e tamén de Portugal.

O partido, arbitrado por un xuez parisién, M. Balway, chegado horas antes da capital da Francia, foi d'unha beleza fabolística excepcional.

Os catalás, de un xogo preciso e seguro, apoyados no seu maravilloso porteiro Zamora, lograron na primeira fase do encontro asegurare o campeonato por 3-1.

Os irundeses c' unha desventaxa tan sensibel tiveron un segundo tempo de xogo imponente, parecendo o roudeau ruso, pero a falla de precisión no remate final y-a inseguridade do seu gardameta, trougueronlle como consecuencia un resultado mais brillante pr'o seu adversario: 5-1.

\*\*

En verdade ganou o que o mereceu. O Barcelona demostrou, non somentes mais precisión nos seus ataques e defensas, senón mais saber en tod'o partido.

O Irún foi un equipo que xogou moiísimo mais qu'o seu rival, pero tend'algunha linea

froxa coma a dos backs y-a da meta, a catástrofe, si non era d'esperar, era de temer ó menos n-un partido en que se ventila a posesión do mais outo galardón nacional.

\*\*

O púbrico, unhas dez mil almas, mostrouse tod'a serán en favor dos rexos mozos do Norte, representantes, ó decir dos enterados, do verdadeiro amateurismo español; mais a última hora, ó fin yo cabó, conocedor a fondo do football association, rindiuse co seu aprauso ante o millor, o Barcelona, ó que se lle acusa ou acalofía de prodigar os miles de pesetas pra ter os millores fabolistas.

\*\*

O campo da final, espréndido como pudera estal-o millor terreo inglés. A organización, maravillosa. E a recaudación, estupenda: estableceu o record d'España.

\*\*

Os teams formaron así: *Barcelona*: Zamora, Sarroca, Planas, Samitier, Sancho, Torralba, Piera, Martínez, Gracia, Alcántara, Sagibarba. *Irún*: Mugunora, Berge, Emery, Eguiajabal, René, Gamborena, Echeveste, Zabala, Patricio, Asurga e Costa.

HANDICAP



# NOTAS FINANCIERAS

O BANCO DE DESCONTO «PEDRO ROMERO Y HERMANOS».

No mes de Noviembre do ano pasado, o xuez de primeira instancia d'Ourense, D. Ladislao Roig Mariño, ditou un auto declarando en estado de suspensión de pagos ó Banco de desconto «Pedro Romero y Hermanos», que recibiría n-as suas caixas os aforros das nosas andurias conseguidos a costa de moitísimos traballos alén do mar.

A xuízo dos técnicos a declaración en estado de suspensión de pagos de dito Banco conseguiuse indebidamente, pois dín que o seu verdadeiro estado é o de quiebra e que non se cumpriron os requisitos de forma que elixe a lei e son de caráuter sustancial.

Convocada pola Cámara de Comercio houbo na mañá do día 5 de Mayo no Teatro Principal unha xuntanza de acreedores do referido banco. Aberta a sesión, o segredario da Cámara, señor Carballo, leu unha carta firmada pola señora D.<sup>a</sup> Anxela Fornóvi e mais pola señorita doña Josefina y-o seu irmán D. José Romero, en conuento de socios do Banco en suspensión de pagos, na que decía que habendo fuxido o socio ademestrador pregaban á Cámara se dinase autuar de mediadora c' os acreedores convocados ó efecto onha chuntanza pra ver de chegar un acordo amistoso que, evitando a intervención do Xuzgado, asegurase os perxudicados a mór cantidá na cobranza dos seus cretos.

Despois de moita parola, nomeouse unha Comisión que se comprometeu, entr' outras cousas, a estudial-o millor medio de conseguir que os bés do balance, que figuraran a nome do socio ademestrador, viñesen legalmente a formar parte do activo social.

Pol-o gallo da suspensión de pagos d'esta entidá bancaria, naceu a cuestión xurídica de si os saldos de conta corrente y-as libretas de depósitos a plazo e con intrés, son depósitos ou non-o son. Como iste é un asunto acerca do que se falou moi, non queremos deixar de dar a conocer ós nosos leitores o noso pensamento respeito ó particular.

Vel-eiquí a nosa parecer en col d'iste asunto:

E doutrina legal que mereceran en todo caso o conceuto de acreedores dos Bancos por depósitos voluntarios os poseedores dos seus billetes y-os que o fosen por «saldo de conta correntes» e os mesmos establecementos (art. 23 da lei do 28 de Xunio do 1856 sobre creanza de

Bancos na península. *Gaceta* do 29); e por esto o artigo 181 do Código de Comercio dí que os Bancos terán a obriga de cambiar a metálico os seus billetes no momento mesmo da sua presentación pol-o portador, y-o mesmo corpo legal dispón que os Bancos conservarán en metálico nas suas caixas a coarta parte pol-o menos do importe dos depósitos, das contas correntes e dos billetes en circulación (art. 180) e que o importe d'istes, unido á suma representada polos depósitos e contas correntes non poderá pasar do importe da reserva metálica e dos valores en carteira realizables no prazo máisimo de 90 días. Como se ve, n-istes artigos do Código de Comercio, que como a lei de 28 de Xaneiro do 1856, regulan o funcionamento dos Bancos d'emisión e desconto, as contas correntes bancarias, ou imposicións de metálico en conta corrente, conservan o caráuter de depósitos: esta é a razón de que o art. 28 do Regramento do Banco d'Espanha, aprobado por Real Decreto do 5 de Xaneiro de 1901, referente ás contas correntes d'efectivo, diga que solo se considerará como «saldo disponible» en conta corrente, o importe dos fondos entregados en metálico y-os procedentes dos valores xa realizados. O mesmo caráuter xurídico de depósito conservan as contas correntes d'efectivo no Código de Comercio que rixe na zona d'influencia española en Marruecos, a cual, además de definir o trato de conta corrente bancaria, causa que non fai o que rixe na península, no seu art. 418 establece a obriga no correntista-caixeiro de ter a disposición do conta correntista imponente o saldo da conta corrente. Pero ainda hai mais: o Tribunal Supremo incruzo reconoce o caráuter de depósito á conta corrente mercantil: na sentencia do 30 d'Abril do 1891 (*Gaceta* do 19 de Xunio) declararon que quén recibe mercancías por conta d'outro admite un depósito irregular que lle trasmite o señorío d'elas.

Porque a conta corrente bancaria devengue intereses non por eso o seu saldo perde o caráuter xurídico de depósito: o art. 23 da lei do 23 de Xaneiro do 1856 sobre a creanza de Bancos d'emisión e desconto y-os arts. 180 e 182 do Código de Comercio referentes ós mesmos Bancos, non distinguen entre contas correntes bancarias con intrés e sin intrés. O pago d'intereses nos depó-

sitos e nas contas correntes depende da sua natureza económico-xurídica, é decir, de que o depósito sexa regular ou irregular: como no depósito regular o depositario está obrigado a conservar e restituir os ouxetas recibidos, o natural é que o depositante retribuya o servicio ó depositario (arts. 52, 56 e 57 do Regamento do Banco de España); como no depósito irregular o que se deposita é únicamente a *cantidade*, non cada unha das moedas, cuyo señorío adquire o depositario, podendo servirse d'elas nos seus negocios habituales que non impriquen azar (art. 418 do Código de Comercio da zona española de Marruecos e arts. 180 e 182 do Código de Comercio da península) con tal de ter á disposición do depositante, en calquier momento que o deseje, o todo ou parte da cantidade depositada, o corrente nos usos mercantiles de todal-as prazas é que o depositante non pague retribución algúnhia ó depositario e perciba intreses (art. 48 e 65 do Regamento do Banco d'España e art. 2º do Regamento da Caixa de Depósitos do 22 de Setiembre do 1904) cuya percepción imprime de direito a renuncia tácita, por parte do depositante, ó direito que lle dá o art. 1770 do Código civil.

A percepción d'intreses no depósito non altera, pois, a sua natureza xurídica (art. 1760 do Código civil) con arreglo á nosa lexislación cárboes o depositario (art. 304 do Código de Comercio) ou percibaos o depositante (Real Orden do 22 d'Agosto do 1862. *Gaceta* do 23;

art. 65 do Regamento do Banco d'España do 5 de Xaneiro de 1901 e art. 2º do Regamento da Caixa de Depósitos do 22 de Setiembre do 1904, e sentencia do 7 de Febreiro do 1891, *Gaceta* do 27 de Marzo), pois do contráreo os depósitos a que fan referencia os arts. 55, 56 e 76 do citado Regamento do Banco d'España serían tratos de locación de servicios.

Tampouco afecta á natureza xurídica do depósito o que os Bancos de descuento podan dispor do diñeiro depositado n-iles nas operacións a que se dedique que non sexan de azar; o depositante somente deposita a cantidad, non cada unha das moedas; non se trata da facultade expressa a que fan referencia os arts. 309 do Código de Comercio, 1767 do Código civil, porque trátase d'unha facultade limitada pola obriga de ter os fondos dos depósitos e contas correntes á disposición dos depositantes e conta correntistas imponentes e ter na calxa a coarta parte polo menos en diñeiro do seu importe, e que non excedan do importe da reserva metálica e dos valores en carteira realizables no prazo máis de 90 días, e de publicar no prazo legal o estado da sua situación. Ademais, o art. 310 do Código de Comercio di que os depósitos feitos nos Bancos rexiranse polos arts. 180 e 182 do mesmo, e d'iles resulta manifesta a facultade dos Bancos de dispor do diñeiro dos depósitos e contas correntes, sin que en ningún caso nin por ningún motivo a natureza xurídica do trato do depósito sufra alteración.

ARTURO NOGUEROL

## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

### PHILEAS LEBESGUE

O noso ilustre colaborador vai recibir unha outa proba d'admiración e doamor quelle teñen os seus paisanos. Respondendo ó chamamento do boletín *La République de l'Oise*, estase facendo unha antoloxía d'as más representativas páxinas do grande esquirtor d'os agros de Beauvais.

N-as letras francesas é Phileas Lebesgue un espírito orixinal de fondas raíces na sua terra, e dempoixa comprennon d'as terras alleas.

Preto do cosmopolitismo de Paris, soupo beber n-as augas eternas do seu corruncho nadal, na alma do seu país labrego, un dos que forman o curaón da vella Francia. ¡Terra de bendición,

doirada de fartas sembraduras, rendecente de lameiros, espallante de doces riveiras, dominada polas lanzales oxivas da catedral de Beauvais! Labrego él mesmo, cultivando n-un sentido patriarcal seu eido herdado, siente unha cordial hirmandá por todal-as abrentes rexionalistas e nazionalistas d'os tempos novos. Ama a Galiza, comulga con nosco no mesmo altar d'idealidade. A obra iniciada polo boletín departamental de l'Oise é necesaria, dada a variedade na produción literaria de Lebesgue e a rareza de moitos d'os seus libros. O poeta de *Buisson Ardent* e de *Servitudes*, o dramaturgo do *Mystère de Jeanne-Hachette*, o novelista de *L'Ame du Destin*, de *Pèlerinage* e muitas mais, o prodixioso

intérprete d'os mais varios folklores, o agudo teorizante gramatical e estético, tén en NOS e nos seus leitores unha fonda simpatía.

Agradecemos a comunicación mandada por *La Republique de l'Oise*, fagundo nós a propaganda pr'a mór da antoloxía que se prepara. Pregamos ós nosos leitores pra que se suscriban a esta obra na nosa Ademiristación. Ofrecémoslle a mais d'un incomparabel libro unha ocasión de dar proba d'afecto e gratitudade a iste grande amigo de Galiza, Phileas Lebesgue.

## TEATRO GALEGO

TREBÓN, por ARMANDO COTARELO VALLEDOR.

O ilustre catedrático de Santiago fixo reper-

sentar en Santiago e mais na Cruña, con moi-

simo aprauso, esta farsada, que foi un dos mais sonados trunfos do noso teatro nazonal.

*Trebón*, que ten unha fabulación sinxela, ben desenvolta, ainda con certos recursos simbo-

listas axeitados e aproveitados con boa man,

non deixá de ter imitanza con algunas obras do moderno teatro rural portugués, com' de Calros Selvagem, e c' Os Lobos de Correia d'Oliveira e Lage. Ora, qu'é unha obra na que todo se res-

solve bén: o trebón pasa, e volve a rayola do sol...

As persoas téñense de pé, e hainos tan ben conseguidos com' o petrucio Cibrán e o Tralo, a medio simbólica Tia Suríña, a Sabela, figuras qu' encarnan a tradición, por mais que n'iste punto, a intención do autor amóstrase un pouco indecisa. É un cadro de vida patriarcal e pura, onde un home a quen o vicio y-o crime levaran lonxe da aldea, volve d'intruso, traguedo un trebón de traxedia; mais ó cabo, vése il tamén conquiderido pol-a aura de bondade dos qu'il dañou.

*Trebón* está escrito no galego rico e nobre d'un mestre da fala. Na esceca, o estilo y-a lingua téñen ademais unha rara musicalidade qu' encantou ás xentes, e que é unha boa proba da superioridade da lingua galega.

ALÉN, por JAIME QUINTANILLA.

Pol-o d'agora, tendo en conta a educación do noso público, viciado pol-o decadente teatro castelán e por traducóns do mais ruín que s'escribe no extranxeiro, que é o que nos tran as compañías que por eiñu viñen, o *Alén* do Quintanilla terá que ficar coma teatro pra ler...

É unha peza de *teatro estético*, d'aución puramente interior, na que non pasa nada, na

## NOS

qu' os persoaxes caxeque non se moven, caxe-

qu' apenas falan, porque n'ela si que o autor—

apesares de ser fil un mestre da oratoria—conse-

guiu retozcerlle o pescoco á elocuencia, de sorte

que non hai na obra nin parrafadas, nin senten-

cias campanudas, nin tan xiéquera os preciosismos un pouco rebuscados que puxo en *Donostíña*.

*Alén* é un drama nas almas, un drama no silencio. É unha estoria verdadeira, que pasou alo en Nova-York entre persoas d'outras pa-

trias, interpretada e sentida asegún as normas da y-alma galega. É un dos moitos méritos que tén a obra do Quintanilla, que é unha das mais serias e barndas mentalidades da nova Galiza.

MAL DE MOITOS e TRATO  
A CEGAS, por E. CHARLÓX e M. HERMIDA.

Estas duas pezñas foron xa aplaudidas moitas veces polo público. Son das típicas do noso teatro costumbrista, con todo o bondoso humorismo da nosa raza, vena qu' endexamais se pode esgotar, namentral o pobo galego esista.

Os autores Euxenio Charlón e Manoel Hermida, son doux obreiros, rapaces despertos e intelixentes, nobres almas cheas d'enxebreza, qu'iles mesmos representan as suas obras, xuntando o seu talento de cómicos ó seu talento d'escriptores. Iles perpetuan no noso tempo o tipo grorioso do obreiro-artista, do tempo dos Mestres Cantores. Benia nosa Terra qu' ainda ten homes así...

## LIBROS

O BAILADO  
por TEIXEIRA DE PASCOAES.

Bén coñecida é a personalidade de Teixeira de Pascoaes. Dende que a revista NOS saliu ó público xa levamos dito moito d'fil. Pro non-o dixemos todo.

A meirande parte dos artistas autuas acábanse cando se definen, e o pouco intrés que saben espertar no leitor atíase baixo unha capa d'indiferencia ó ver a actitude forzada en que se ponen. Dixérase que adoutan unha postura teatral pr'a representación d'unha farsa. Teixeira non encadra no marco d'ista crás.

Amóstrase en *O Bailado* c' unha nova forza de beleza e d'intrés, e sabe casar d'un xeito tan maxistral o outo lírismo da sua poesía sempre nova e saudosa co'a filosofía simbolista, que adquire n'iste poema en prosa un conceuto de derradeiro creacionista.

Non queremos xungullo a ningunha escola. Por riba da nosa intelixencia que ceais lle poi-

dera topar puntos de contauto con Poë, Meredit, Maeterlinck e outros, está a nosa admisión. Iste raro amor ó pantasma vivo; a ledicia dos tipos tenebrosos feitos de mistérios e de brétemas; a concepción das almas escuras e pensadoras abocadas a un abismo impenetrable teñen o rubor sentimental do espírito forte do grande Edgardo Poë. Pra calquer intelixencia farrapenta, feita de resídos d'outras intelixencias, que teñen coma máisimio creto de xúcio a realidade d'un impuro siloxismo lóxico, ista tendencia s'é nobre indicálle unha marcada influenza de Poë. Eu, somentes quero ver unha fraternidade ancestral que a despeito do tempo tñese co vencello d'unha mesma inspiración.

O misticismo craro e ben delñido que rezuma da sua y-alma espallada e contida en todal-as almas que viven nas follas do libro é como un tenro piar de paxaros nunha fronda pifieirosa alumeadas por un craro luar. E todo iste misticismo tan seu, tan de raza, non llo debe a ninguén. Certamente que Maeterlinck foi un grande místico... pro anque moitas casas están feitas de pedra non teñen todas un mesmo dono.

*O Bailado* é o mesmo Teixeira tratado n-unha intimidade de visita. N-un prólogo cheo de poéticas mentiras, peneiradas nas imaxes das cousas irreales olladas c' unha intención de filósofo vai deixando a sua y-alma belamente dormida n-un sono de pantasmas. E na febre quenturante do seu sono lémbrase doidamente dos risos agudos e feridores das callveras peladas que danzan no sepulcro un beilado de meigas.

Coma si fora un *leit-motiv* de tod'a sua vida por tod'a obra corre com' unha nuve sentimental de *Saudade*, é ten plindurado d'iste sentimento a continua preocupación de sua vida.

«Para míñ foi tudo—esquirbe—a hora em que a *Saudade* se me introduziu no corazón. E nunca mais me abandonou. Foi n'uma tarde da minha infancia, velhinha tarde com os doirados já escuros, como o antigo altar de Nosa Senhora na egreja de minha freguesía. N-essa tarde, intimamente deslumbrado não sei porque tristeza, eu apareci na verdade sobre a Terra.»

Unha miuda esfolera de sentimentalismo rega deleitosamente o ermo froitoso da sua y-alma.

Libro abierto é unha tempestade de cheirumes que rescinden das pechas redomas onde garda as almas qu'amostra c' unha ledicia de alquimista medieval. Acochado na praia dos sentidos escolta os berros dos paxaros enlota-dos, fúnebres coma panos de cimetro, tristes coma noites desceadas que lle venen a cantar

as cantigas deloridas das almas inquietas. E sábelle entregar de tal xeito, ás cousas astrau-tas unha y-alma tan estrana, que ó sentílos vivir tan vagamente, se dixera que as rodean as tenebras bretemosas d'un sono de opio.

Na feira dos valores ausolutos, iste novo libro do mestre é a rotunda afirmación do seu espírito que se amostra ergueito com' unha bela Walkyria que baixase d'un ceo de plomo envolta n-un pouco de fume, cantando un valente jo-to-ho.

#### CONTOS BÁRBAROS

por A. PEREIRA CARDOSO.

Adiantase xa o autor a decirnos qu'iste é o primeiro libro qu'esquirbe en prosa. Ten publicado outro nomeado *Almas*, en verso, que tivo un franco éxito de libraría.

*Contos Bárbaros*, como xa o nome o indica, é unha pequena colección de contos curtos, é percisamente esta pouca estensión defentúa e impossiblidade de desenrollo d'unha trama que lle podería dar a categoría de conto. Cecais conviría lle millor a desifianza de «bocetos» de contos.

Aigris d'iles—*A larvira*, *A torna das Aguas*, *A tia Leandra*—fanse notar pol-o estilo marcadamente rococó en qu'están esquirtos, e as demasiadas descripcións qu'abafan ó libro teñen un senso acentuadamente notarial.

En *Lama*, *Un legado*, síntese craramente a influenza perniciosa de Zola, e iste realismo *demodé* cando non vai ben asentado n-unha Fisiología experimental perxudica grandemente. Os estados patológicos dos persoaxes desenrolanse arbitrariamente, e o final do conto é inesperado e irracional según a escola realista á que se xungue.

Non embargantes, pol-a soltura da frase e por moitos anacos de cousas boas que s'atopan espalladas en *Contos Bárbaros* é diño de ser leído.

#### MVSA PAGÁ

por TOMÁS DA FONSECA.

Valentemente, coa nobre franqueza d'un home despreocupado, enche unhas cantas folliflas do prólogo c' unha apoloxya do Artista e da Beleza. Inda que doutrinariamente desentimos radicalmente das afirmacións un pouco demasiado ouxetivas que Tomás Fonseca espalla c' unha franqueza d'apóstol, é mais d'apóstol convencido, temos que declarar en xusticia que sentimos unha fonda simpatía por iste atrevemento d'encoroiro espiritual tan pouco común n-istes tempos d'entroido en que todo artista íspese c' un traxe d' época pr' asistir onha xunta de tolos «snobistas».

Herdeiro direito d'un Virxilio novecentista soupo afogar antr' os seus brazos fortes de gladiador ás musas pálidas e decadentes que fuxiron desfeitas n'unha caneira de meigas de Aquelarre; e abroquelado tras o penedo esbranquecido das mentiras piadosas d'un Olimpo esfarelado, non quer sentir o ferreo picacho da ETERNA idealidade que vai desparecendo os pazos marmóreos das antigas divindades.

Eu non sei por onde, eu non sei de qué, sinto tamén esa incompatibilidade psicolóxica dos poetas acogullados coma repolos pechos que foran moi regados coa rega fabulosa d'unha aunga cenaguenta e cheirosa. Poetas rás, que cantan na noite a salmodia monotonía d'unha mesma cantiga. Poetas curuxas, que cantan doidamente drento da focha merdolenta do seu espírito a tristeza boba das nenas fracas como *husos* desgastados e teñen a y-alma fofa d'un sapo namorado.

Tomás Fonseca ten o agarimo belo dos homes sáns que rín ó sol e sábense mollar en auga de choiva. E d'iste modo somentes pódese sentir a Terra como si a esquirbe no seu *Hino á Terra*.

*Hino á Alegria* é unha composición d'unha feitura irreprochable, chea d'optimismo que resconde d'unha y-alma forte e ben temprada.

As nomadas *Canções* teñen a beleza contida das estatuas pagás, supremo creto do artista que soupo ollar felizmente o minuto de Beleza qu'encerran as cousas mortas drento da friaxe da vida. Temos que faguer resaltar antr' elas: *As andorinhas*, *Aquela sombra é Noite de tebre*. — Ramón Villot.

A HORDA,  
por JOAO DE CASTRO.

Iste poema tráxico, esta epopea abstracta, chamounos moito a atención, porque non agardábamos nas letras portuguesas nada tan ispidamente forte, tan intelectual, tan orgullosamente ergueito.

Coñeciamos *Rainha Santa* de Joao de Castro, poema estrafío que comentáramos hai tempo en *A Nosa Terra*. Poema de rara fondura, onde Joao de Castro, cecais aló no mais escondido, arelaba adormental-o pulo da sua y-alma no colo maternal da santidade da Terra...

Mais agora, o seu espírito camiña polos vieiros que levan ó mais ergueitos cumes heroicos, por onde pasou inda fai pouco Zaratustra, faguento do seu curazón un chafariz.

«É de noite: agora s'ergue mais outo o canto dos namorados. E o meu curazón é tamén un canto dos namorados.»—(Nietzsche, *ALSO SPRACH ZARATUSTRA*).

Joao de Castro canta en *A Horda* a paixón humana e filosófica do que ha salvar á horda a pesar d'ela mesma polo seu sacrificio. É a psicoloxía teórica, mais verdadeira, necesaria, ausolutamente certa do Héroe, o que o Héroe leva no curazón, e que endexamais ha de ser descoberto pola horda, anque coma o Téran de Joao de Castro, o héroe s'arrinque o curazón do peito pr' amostrarillo. Mais ese segredo do curazón do héroe, amóstrase na intimidade co'aquiles que sendo carne e sangue da horda, viven por riba da vida da horda mesma, embora da sua comunión co'ela tiren a sua eminencia e aristasquia.

Asi, o mistério que Joao de Castro nos quer revelar, cecais o *mistério social* por excelencia, está na conversa de Téran co Gran Sacerdote...

Voltamos ás páxinas de Biblia Moderna de Nietzsche e de Carlyle, e ventamol-a Ética do *Nirvana* na que todo o anarquismo, todo o budhismo, todo o nihilismo háchanxe trascendidos e superados pra sempre. Ética do Superhome, revelada no libro de João de Castro por Téran erguendo nas manus o curazón sanguiniento, com a hostia sagrada.

Eis o nobre libro de pensador e de poeta, libro profético e solemne, ben dino do país qu'agarda ó Encoberto, que nos mandou João de Castro. En xustiza, iste libro debe conquerir ó seu autor un nome imortal nas letras portuguesas.—V. R.

MÁGOAS,  
por JUAN VIDAL MARTÍNEZ.

Iste folletiño con pouco mais de trece poemas, feitos, asegúrnos d'el o autor do prólogo, Lois Amado Carballo, por un rapaz moi novo, imitase ate pola presentación tipográfica ós libros d'outros tempos, cando a literatura galega coma que tiña medo de s'apresentar á luz do sol, e ainda advertían na portada qu'el libro estaba escrito en galego...

Hai eiqui, en realidade, poemas de pouco valor, coma o titulado *Non podo deixal-a Patria*. Hai outras, com'a que principa o libro, seguindo a tradición lírica enxebre, qu'están bén. Hai versos d'amor, e versos ó xeito do pobo. E istos derradeiros, sobre todo o V poema curto, foron os que nos gustaron mais. E flea dito, qu'ánque teña defectos por il adiante, o libro comenza e remata ben.

OUTROS LIBROS.

Recibimos tamén: *Infanta*, por Manuel de Figueiredo; *Bodas de Viño*, de Antonio de Cértima; *Días de festa*, por Ana de Castro Osorio; *Leomil*, de Antonio de Sées; *Pingas d'orballo*,

de Roxelio Rodríguez Díaz; *Brelan Marin*, de Eugéne Monfort, e *La Luna, el Alma y la Amada*, de Xavier Bóveda, dos que nos ocuparemos no número que ven.

## REVISTAS

### CÉLTIGA

A empresa editorial *Céltiga* foi creada no Ferrol por un fato d'amigos ó frente dos que figurán Jaime Quintanilla, Ramón Vilar Ponte, Manoel F. Barreiro, Fiz Alvarez do Castelo e Manoel Morgado.

*Céltiga* editou o *Alén*, do Quintanilla; e *Mal de moitos e Trato a cegas*, de Charlón e Hermida. Ademais, publica unha novela mensual, das que xa van tres: *Sandade*, do Quintanilla; *Os catro cisnes brancos*, de Loney Chisholm, e *Almas mortas*, d'Antón Vilar Ponte. D'elas ocuparémonos no número que ven. Imeldo Corral, Castelao e Camilo Díaz fixeron pra estas tres novelas preciosas portadas.

*Céltiga*, que se propón realizar unha boa obra de cultura popular, faguendo que todos podán mercar obrñas de literatura escoletita, conta coa colaboración dos melhores escritores e artistas da Galiza na hora d'agora.

### ACCIÓN GALLEGIA,

*revista mensual de Casa de Galicia.*  
*Buenos Aires.*

Recibimol-a interesante revista que tanto honra a «Casa de Galicia» de Bós Aires, e que manifesta a vida espiritual d'aquela colonia galega. NÓS agradece a acollida que *Acción Gallega* lle dispensou.

O número 16 d'esta revista (Nadal, 1921), dedica moitas páxinas a estudal-a arte do noso gran Castelao, en traballo de Blanco-Amor, Javier Insua e versos de Eladio Rodríguez González, insertando ademais moitos dibuxos, inéditos algúns, do grande artista, antr'iles unha caricatura do ilustre Said Armesto, ó que pon unha lembranza Xoquin Pesqueira.

Trai tamén vistas do soberbio campo de festas e sports de «Casa de Galicia», e reseña de varios xantares.

Intresantes tamén os números de Xaneiro e Febreiro d'iste ano.

### TERRA GALLEGA,

*Habana.*

Esta revista, órgao da Xunta Nazionalista Galega da Habana, fai na illa de Cuba unha valente campaña galeguista. Nela escriben principalmente Andrés Rodríguez Orxales, Tomás Rodríguez Sabio, Fuco G. Gómez e Si-

nesio Fraga. Trai de cote poesías dos melhores escritores galegos antigos e modernos. Adicou un número moi interesante á lembranza do Mariscal Pardo de Cela. N-outro número hemos adicar mais atención a iste boletín.

### A AGUIA

#### *números 115-117. Porto.*

Leonardo Coimbra principia un estudo en colo *Bolchevismo e as categorias colectivas nas transformações sociais* feito dende o punto de vista da sua filosofía, que n-iste asunto está cos principios da democracia tradicional. Esta cree o eminente pensador que ten que se salvar de cote, porque todolos ataques contra d'ela están feitos coa Razón esperimental que é a nai e fundamento da democracia mesma. Anxelo de Moraes trai un ensaio criacionista d'*Ideología republicana*. Antonio Arroyo estuda *A figura de María de Noronha no Fray Luis de Sousa de Garret*. Versos de Antonio de Sousa, Alvaro de Moraes, Alfredo Brochado, Antonio Noriega Varela, Hernani Cidade e Luis Cardoso. Páginas artísticas de Soares Lopes.

### HERMES,

*revista del País Vasco.*

No número de Marzo, un artigo de Salvador de Madariaga tratando de Valle-Inclán. O Madariaga—que por certo n-iste artigo, amostra un coñecemento que poucas veces s'atopa da cencia dos nomes—considera coma nós ó Valle-Inclán como un galego asimilado por Castela, esto despois d'affirmal-a personalidade fortemente diferenciada da literatura galega, que coma outros moitos, atopa un pouco femenina. Esto ven de que, iles confunden a masculinidade coa violencia, ou coa rudeza. Tamén remarca o Madariaga que a obra de Valle-Inclán non ten un miolo d'idealidade que a poda salvar do decorrer do tempo. Mais si así non fora, pode que non fose Valle-Inclán o puro artista que é, e ainda o *dilettante* que quixera ser. Galiza ten un Valle-Inclán coma Irlanda tivo un Oscar Wilde.

No número d'Abri, Ramiro de Maeztu—que xa vai vello e canso d'abondo—sigue dándolle voltas ó lirismo galego-portugués. Maeztu non da mostras de coñecer os escritores galegos, senón somentes os portugueses de mais sona, porque Maeztu non está feito do pau dos descobridores; viaxou sempre polos camíños abertos por outros. Outro artigo de Maeztu sobr'o mesmo tema xa o comentara en de paso en *La Zarpa*: «Ramiro de Maeztu, non se quer convencer de todo, de que sexan as bretemas atlánticas as augas-nais do noso lirismo—o lirismo portugués

coma il dí... Poido atopar unha razón mais fonda—esto sen qu'eu lle tire a Taine, non xa unha migia, senón a moita razón que ten—poido atopar unha razón mais fonda: o lirismo está no noso sangue celta».

No artigo de qu'hoxe damos conta, decidese ó fin y ó cabo por Taine pr' esprical-as diferenças da y-alma galego-portuguesa e a y-alma castelán. Acolerse a Taine, é, polo menos porse en razón.

Ora, hai duas cousas importantes pra nós no artigo de Ramiro de Maeztu no *Hermes d' Abril*: unha ésta confesión sinxela: «el genio portugués fecunda nuestro espíritu con dos grandes novelas de caballerías: el *Amadis de Gaula*, de Lobeira y el *Palmerín de Inglaterra*, de Francisco de Morais, y con la primera de las novelas pastoriles, la *Diana* de Jorge de Montemor... Claro está que a la fecundación portuguesa no tarda en responder la creación castellana y así puede decirse que el *Quijote* es la respuesta realista que dá Castilla tanto a los libros de caballería como a la novela pastoril». Elqui vése ben a oposición do espirito castelán ó noso espirito.

Outra é a tradución que fai d'aquela canticula tan citada por Teixeira de Pascoaes:

Chamácheme tua vida  
E tua alma quero ser,  
A vida acaba com a morte  
E a alma não pode morrer.

que Maeztu desvaloriza e anula coma poesía n'esta forma:

Me llámaste vida tuya  
y yo tu alma a ser aspiro,  
la vida acaba en la muerte  
y el alma sigue camino.

O que nos amostra a radical diferencia das duas línguas.

No mesmo número: *La Estética de Maragall* por Joan Estelrich.—*Vicente Risco*.

**HESPERIA,**  
*revista teosófica y poligráfica,*  
*Madrid.*

O eruditísimo y orixinal polígrafo Dr. Roso de Luna, que tanto leva feito pra popularizar na España as doutrinas de H. P. Blavatsky, e pra investigar e revelar os siñales desperdigados do ocultismo ibérico, pubrica agora esta intresante revista, na que vai insertando os seus traballos derradeiros. Dos números publicados debemos señalar os notabres artigos titulados: *El Culto ofítico en España*, de Fernández de la Quadra Salcedo; *Simbología ophita*, por Joan de Morales; *La Peña Tu de Asturias y los Postatantes ibéricos*, e os estudos de Roso de Luna sobre as *Mil e Unha Noites*.

#### EL EBRO.

A revista da mocidade aragonesista aumentou o seu formato e millorou a sua presentación. Coma de cote, debemos notar n'ela a densidade da sua doutrina politeca, ben documentada, a sua firme e seria orientación e a valentia conque espón o seu ideal.

Por certo que hai elí quien quer recabar pra Aragón a leenda do San Graal, empeño no que o fondo senso estórico dos aragoneses non leva camiño de trunfar. (Véxase: *El Santo Grial y San Juan de la Peña*, no número de Febreiro, 1922).

#### BOLETIN DE LA SOCIEDAD CASTELLONENSE DE CULTURA.

Ista revista trai de cote traballos estóricos, filolóxicos e folklóricos referentes á rexón castellonense, desenvolvendo un labore verdadeiramente costrutivo, dos que tan precisos son no noso tempo.



Imp. de *La Región*

NOS

AGUAS MINERO-MEDICINALES  
BICARBONATADO-SÓDICAS  
**MONDARIZ**



NÓS

# SERANTES E COMPAÑÍA

FARIÑAS E COLONIÀS

*Ponte Mayor y Ourense*

QUEREDES VESTIR BARATO E CON ELEGANCIA?

Pois, encargade a feitura  
dos traxes na xastaría de

**José María Rodríguez**

Pereira, 2 - OURENSE

**Manuel L. Enríquez** Médico - Oculista  
asistente, pago pol-o Goberno español,  
as clínicas das Universidades de Zurich  
(Suiza) e Würzburg (Alemania).  
Consulta diaria no Hotel Miño :: Ourense

## GRAN CAFÉ "LA UNION,"

O MILLOR SITUADO E DE MAIS CONFORT

BILLARES - VARIETÉS - SEXTETO

Nóvos propietarios: MANUEL VAZQUEZ :: EULOGIO ALBERTE

PEREIRA, 13

TELÉFONO NÚM. 61

## SANATORIO QUIRURXICO D' OURENSE

DIRIXIDO POR

**D. Manuel Pol Piñeiro**  **D. Manuel Peña Rey**

Ciruxia xeneral y especialidás

Xinecoloxía e partos

Istalado en sitio sano e pintoresco (carretera da Loña).

Conta con elementos precisos pr' a boa asistencia dos operados.

Moi logo istalará RAYOS 

PRA DETALLES DIRIXIRSE A UN DOS DIREITORES

MERQUE VOSTEDE:

NÉVEDA POR FRANCISCA HERRERA GARRIDO

ADORAÇAO POR LEONARDO COIMBRA

VENTO MAREIRO POR RAMON CABANILLAS

ABRENTE POR VICTORIANO TAIBO

DOUTRINA NAZONALISTA POR RAMON VILAR PONTE

MARANOS POR TEIXEIRA DE PASCOAES

## “A NOSA TERRA,, BOLETIN DECENAL

Idearium das IRMANDADES DA FALA en Galicia e nas colonias galegas d' América e Portugal

PRECIOS DE SUSCRICIÓN . . .	Na Cruxía ó mes. . . . .	40 céntenos
	Coste d'un número . . . . .	15 "
	Fora, trimestre. . . . .	1'50 pesetas
	América, id. . . . .	2'00 "

REDACIÓN Y-ADMINISTRACIÓN: PLAZA DE MARÍA PITA, 17, BAIXO. — A CRUÑA

## CELTIGA

NOVELA MENSUAL  
ILUSTRADA

Números publicados:

SAUDADE ♦ OS CATRO CISNES BRANCOS

Proximo a se publicar:

ALMAS MORTAS

De venta en todal-as librerías ó prezo de 0'30 ptas.

*1000*

# F. Román e Saco

DROGUERÍA

E FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono, 28

OURENSE

SOBRINOS DE JOSÉ PASTOR

BANQUEIROS

A CORUÑA - VIGO - LUGO - OURENSE

REALIZAN TODA CRAS D'OPERACIOS DE BANCA E CAMBIO

*Os VINOS do Ribeiro*

## **ARNOYA FINO**

*Siñifican o máisimun da "delicadeza,"*

*BODEGAS da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes.-OURENSE*